

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
ÁMBITO SOCIO-ARTÍSTICO

1º ESO

ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
1.1	Departamento.....	4
1.2	Normativa.....	4
1.3	Contextualización.....	5
1.3.1	O centro.....	5
1.3.2	O alumnado.....	6
2	CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	6
2.1	As competencias clave na materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual.	6
2.2	As competencias clave na materia de Xeografía e Historia.....	7
2.3	Perfil de área.....	10
3	OBXECTIVOS.....	16
3.1	Obxectivos xerais.....	16
3.2	Concreción dos obxectivos para o curso.....	18
4	CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR.....	20
4.1	Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación e competencias clave por estándar..	20
5	CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	39
5.1	Adaptacións metodolóxicas para un ensino semipresencial.....	39
5.2	Adaptacións metodolóxicas para un ensino non presencial.....	40
5.3	Materiais e recursos didácticos.....	40
5.4	Espazos.....	41
6	CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	41
6.1	Procedementos e instrumentos de avaliación.....	42
6.2	Avaliación final.....	43
6.3	Avaliación extraordinaria.....	43



7	AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	43
7.1	Indicadores de logro do proceso de ensino.....	43
7.2	Indicadores de logro da práctica docente.....	44
8	ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	44
9	DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.....	45
10	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	45
10.1	Medidas ordinarias.....	45
10.2	Medidas extraordinarias.....	46
10.3	Actividades de reforzo e ampliación.....	46
10.4	Modelo do Plan de Reforzo.....	46
11	CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.....	47
11.1	Fomento da lectura. Comprensión lectora. Expresión oral e escrita.....	48
11.2	Comunicación audiovisual.....	48
11.3	Tecnoloxías da información e da comunicación.....	48
11.4	Emprendemento.....	49
11.5	Educación cívica.....	49
11.6	Prevención da violencia.....	49
12	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	50
13	APLICACIÓN DOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO.....	50
13.1	Proxecto de centro.....	50
13.2	Proxecto lector.....	50
14	MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	51

1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

1.1 Departamento.

O Departamento de Debuxo está integrado por M^a Hortensia Fernández Torre que imparte as seguintes materias:

- Ámbito Socio-Artístico en 1º da ESO.
- Educación Plástica Visual e Audiovisual en 3º e 4º da ESO.
- Paisaxe e Sustentabilidade en 1º e 2º da ESO.

1.2 Normativa.

Para a elaboración desta programación tivéronse en conta os seguintes documentos:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/2022.

1.3 Contextualización.

1.3.1 O centro.

O CPI Aurelio Marcelino Rey García foi creado segundo a Lei xeral de educación de 1970 para impartir Ensinanza Xeral Básica (EXB). Nun principio, o centro estaba dividido en dous edificios (un deles estaba na praza da feira), en cuxas instalacións se impartía a Educación Preescolar e Ciclo Inicial de EXB mentres que no centro da rúa da Palma, impartíanse o resto dos niveis (Ciclo Medio e Ciclo Superior). Coa entrada en vigor da LOXSE e a ampliación da escolaridade obrigatoria ata os 16 anos, o centro experimentou unha ampliación para acoller a todas as etapas do ensino obrigatorio básico e produciuse a unificación no mesmo centro de todas as etapas que se imparten actualmente. O Decreto 7/1999 creou os CPI, pasando desde entón a denominarse CPI Aurelio Marcelino Rey García. O centro está situado na rúa José M^a Lastra no centro do Concello de Cuntis. Neste curso 2021-2022 o centro conta con 4 aulas de Educación Infantil, 11 de Educación Primaria e 7 de Educación Secundaria Obrigatoria que conforman un total de 362 alumnos e alumnas.

O noso centro conta con 43 profesores e profesoras, a maior parte con destino definitivo no centro. Así mesmo, hai un administrativo, un conserxe (que depende administrativamente do Concello de Cuntis), catro persoas encargadas da limpeza (traballadoras por conta allea, froito da contrata feita pola Consellaría), catro persoas encargas de servir no comedor (traballadoras por conta allea, froito da contrata feita pola Consellaría).

O alumnado do centro procede tanto das aldeas do municipio como do núcleo urbano do Baño.

O alumnado que acode a este centro é de extracción socio-económica media e baixa. Hai varios casos de familias moi desfavorecidas, da maioría das cales provén un alumnado con serias dificultades de aprendizaxe, tamén temos alumnado procedente de familias que contan coa axuda e supervisión dos servizos sociais do concello que, xunto cos anteriores, conforman a maior parte do alumnado con déficit de éxito escolar. O alumnado de procedencia estranxeira é escaso, mais o que hai intégrase con relativa facilidade.

A lingua de relación e uso diario é maioritariamente o galego aínda que se ten detectado no Plan lingüístico un aumento do uso inicial do castelán nos primeiros grupos de



Educación Infantil.

A ANPA mantén unha relación estreita coa vida do Centro, tanto á hora de participar activamente nas actividades complementarias e extraescolares desenvolvidas, como á hora de canalizar as propostas e reclamacións das nais e pais. Desde hai varios cursos cedeulle á Xunta de Galicia a xestión do comedor do centro polo que o equipo directivo do centro asumiu o desenvolvemento da súa xestión.

1.3.2 O alumnado.

O nº de alumnos/as que cursa a materia de Ámbito Socio-Artístico en 1º da ESO é de 34, divididos en dous grupos de 17 alumnos/as cada un. A maioría cursaron a etapa de E. Primaria no centro, só un alumno ven de outro centro.

2 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

2.1 As competencias clave na materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual.

O carácter integrador dunha materia como a Educación Plástica e Visual fai posible que o seu proceso de ensinanza/aprendizaxe permita contribuír activamente ó desenrolo das competencias básicas da Educación Obrigatoria.

A competencia que se vincula de forma máis natural a este ámbito de coñecementos é a **conciencia e expresións culturais**. Esta materia proporciona unha serie de vivencias, relacións e coñecementos que fan posible a familiarización cos diferentes códigos artísticos. Isto implica ampliar as posibilidades de representación mental e coñecemento, así como as posibilidades de expresión e creación. Dende as primeiras aprenderá a captar, atender, manter a atención, discriminar, relacionar e apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas, tanto as propias como as dos demais. Dende as posibilidades expresivas facilítase a comunicación a outros de ideas e sentimentos, a liberación de tensións e a manifestación destas en produtos novos, persoais e orixinais.

A materia facilita tamén o desenrolo das **competencias sociais e cívicas**. A expresión e creación artística estimula o traballo en equipo e proporciona situacións propicias para traballar o respecto, a tolerancia, a cooperación e a flexibilidade: contribúese á adquisición de habilidades sociais. A expresión plástica e visual se emocións e vivencias

relacionadas cos dereitos e liberdades cívicas pode ser un espazo apropiado para o coñecemento e a reflexión sobre situacións de grande valor formativo dende unha perspectiva social, afectiva e moral.

A **competencia dixital** se ve enormemente favorecida polos traballos propios da materia; esta competencia se impulsará con tarefas que pode ir dende a análise de mensaxes do entorno audiovisual e multimedia ao emprego de medios tecnolóxicos específicos para expresar e crear.

A Educación Plástica e Visual esixe e facilita o desenvolvemento de habilidades relacionadas co pensamento científico: formular hipóteses, observar, experimentar, descubrir, analizar, reflexionar, extraer conclusións e xeneralizar. Tamén require e posibilita o contacto coa natureza e a sensibilización cara aspectos relacionados coa conservación, coidado e reciclaxe de materiais para configurar unha obra persoal. A evolución nos elementos de percepción e estruturación do espazo, a través dos contidos de xeometría e da representación das formas. Todo elo implica unha relación clara coas **competencia en matemáticas básicas e ciencia e tecnoloxía, aprender a aprender e sentido de iniciativa e espírito emprendedor**, que implican aprender a trazar proxectos, a facer funcionais os recursos, a valorar as posibilidades, anticipar resultados e avalialos.

Finalmente, a **competencia en comunicación lingüística** relaciónase co desenvolvemento das habilidades e estratexias para o uso da linguaxe verbal como vehículo para expresar as ideas, emocións e sentimentos que a contemplación, a análise e a creación dunha obra plástica e visual levan consigo; así mesmo fai posible a comunicación na aula a hora de transmitir mensaxes vinculados a técnicas, materiais e instrumentos. A lectura de textos relacionados con contidos da materia é tamén esencial; familiarizarse cos comentarios e valoracións de críticos e creadores de diversos ámbitos (cine, televisión, pintura, escultura...). axudará aos alumnos a comprender, avaliar e forxar un criterio persoal.

2.2 As competencias clave na materia de Xeografía e Historia.

Na área de Xeografía e Historia incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Esta área, como parte integrante das ciencias sociais, utiliza ferramentas que serven para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Polo tanto, estas competencias desenvolveranse co uso de nocións estatísticas básicas, escalas numéricas

e gráficas, operacións matemáticas sinxelas, representacións gráficas, selección de fontes de información, contraste de datos... En definitiva, o alumnado farase consciente de que os coñecementos matemáticos, científicos e tecnolóxicos teñen unha aplicabilidade real e funcional en moitos aspectos da súa propia realidade, capacitándoo para afrontar e resolver problemas da súa vida cotiá.

Comunicación lingüística.

A materia de Xeografía e Historia intervén no desenvolvemento da competencia lingüística en varios aspectos: en primeiro lugar, a través do coñecemento e o uso correcto do vocabulario específico da materia, para construír un discurso preciso e expresalo de xeito oral ou escrito; en segundo lugar, ao utilizar diferentes variantes do discurso, asociado aos contidos, en especial, a descrición, a narración e a argumentación; en terceiro lugar, grazas á lectura comprensiva e a interpretación de textos ou o comentario de imaxes para potenciar o uso da linguaxe icónica. Por outra parte, esta materia está intrinsecamente relacionada coa busca de información, tanto en fontes orais como escritas, e a propia construción do coñecemento a través dun proceso que vai desde a información ata as interpretacións explicativas. É importante que o correcto uso do vocabulario da materia, adquirido e precisado durante a etapa de secundaria, se afiance e se incorpore á linguaxe habitual do alumnado.

Competencia dixital.

A competencia dixital é fundamental para que o alumnado comprenda os fenómenos xeográficos, sociais e culturais e que saiba traballar coa información (obtención, selección, tratamento, análise...), procedente de moi diversas fontes, tanto tradicionais, coma audiovisuais, e dixitais, e non todas co mesmo grao de fiabilidade e obxectividade. Por iso, a información obtida debe ser analizada desde parámetros esixentes, a comparación exhaustiva e crítica das fontes. A obtención e tratamento dixital da información require, ademais, unha serie de coñecementos e habilidades que son necesarios para que o alumnado se desenvolva e sexa competente nun ámbito dixital. Do mesmo modo, preténdese que o alumnado cree contidos dixitais en distintos formatos, á vez que desenvolve unha actitude responsable respecto ás limitacións e a seguridade do uso das novas tecnoloxías da información.

Conciencia e expresións culturais.

A relevancia dos feitos culturais e artísticos nos contidos desta materia é o que pon de manifesto a importancia desta competencia. O alumnado poderá coñecer e comprender



as obras artísticas e culturais máis significativas na historia da humanidade. Obxectivo fundamental é que, a través da observación minuciosa da obra artística, valore e se sensibilice cara a todo o artístico e cultural. O interese, aprecio e respecto polo patrimonio cultural e artístico convértese no elemento fundamental do desenvolvemento desta competencia que permite desenvolver un espírito crítico e facilítalle ao alumnado comprender a relación entre as manifestacións artísticas, os feitos históricos e as sociedades que as crean.

Competencias sociais e cívicas.

A competencia social e cívica é primordial para abordar a materia de Xeografía e Historia, xa que comprender a ardua e cambiante realidade social é un dos aspectos principais dos seus contidos. O coñecemento de diferentes realidades sociais ao longo do tempo fai que sexa ineludible a súa comparación coa realidade actual e favorece que o alumnado comprenda que esas realidades se van forxando ao longo do tempo, e que por iso mesmo poden cambiar, polo que debe ser tolerante coas que se producen no seu ámbito e noutros ámbitos diferentes ao seu. O alumnado asimila que vive nunha sociedade cada vez máis plural e globalizada, na que convive con culturas diferentes. Esta competencia permite que o alumnado poña en práctica os coñecementos aprendidos aplicándoos ao seu ámbito social converténdoo nun cidadán activo capaz de darlle resposta aos problemas e fenómenos da súa realidade social interactuando con outras persoas e grupos favorecendo a tolerancia e o respecto a todos á vez que desenvolve o talante democrático

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

A participación activa do alumnado nos procesos de toma de decisións que afecten á súa aprendizaxe, favorecen a toma de conciencia deste no que se refire ao seu protagonismo no seu proceso de ensinanza-aprendizaxe. Trátase de potenciar a súa capacidade de transformar as súas ideas en accións, actuando con criterio e determinación, tomando decisións e asumindo os riscos e consecuencias futuras desas decisións. O alumno ou alumna deberá adestrar a capacidade de liderar con responsabilidade procesos e traballos cooperativos, actuando con responsabilidade nos seus hábitos cotiáns e o seu ámbito familiar e escolar.

Aprender a aprender.

A competencia en aprender a aprender permite que o alumnado dispoña de habilidades ou de estratexias que lle faciliten a aprendizaxe ao longo da súa vida (busca, organización

e recuperación da información...) e que desenvolva a súa curiosidade por adquirir novos coñecementos, capacidades e actitudes que lle permitan desenvolverse e crecer como persoa. Neste sentido, esta materia debe fomentar no alumnado o desexo de indagar no pasado, no seu ámbito e analizar e interpretar os fenómenos xeográficos, históricos e culturais para darlles resposta ás formulacións do home, á vez que desenvolve a súa capacidade de aprender a aprender de xeito autónomo e permanente. Presupón tamén que poida adaptarse crítica e reflexivamente aos cambios que poidan producirse na súa vida, é dicir, que lles aplique similares instrumentos aos que empregou na análise da realidade social (histórica e xeográfica) ao longo desta etapa de secundaria obrigatoria.

2.3 Perfil de área.

	EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL	XEOGRAFÍA E HISTORIA
CCL	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.3.1. Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.). ▪ EPVAB1.4.1. Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo. ▪ EPVAB1.7.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade. ▪ EPVAB2.1.1. Diferencia imaxes figurativas de abstractas. ▪ EPVAB2.1.2. Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes. ▪ EPVAB2.2.1. Distingue símbolos de iconas ▪ EPVAB2.3.1. Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas. ▪ EPVAB2.5.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación audiovisual 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1º-XHB1.11.1 - Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles. ▪ 1º-XHB1.6.1 - Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais. ▪ 1º-XHB1.6.2 - Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes. ▪ 1º-XHB1.7.1 - Explica as características xerais do relevo europeo. ▪ 1º-XHB1.9.1 - Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa. ▪ 1º-XHB3.11.1 - Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto. ▪ 1º-XHB3.13.2 - Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto. ▪ 1º-XHB3.14.1 - Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén. ▪ 1º-XHB3.16.2 - Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais. ▪ 1º-XHB3.19.1 - Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo. ▪ 1º-XHB3.19.2 - Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica. ▪ 1º-XHB3.5.1 - Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. ▪ 1º-XHB3.9.1 - Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.
CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.2.1. Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión. ▪ EPVAB3.4.1. Divide a circunferencia en seis partes 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1º-XHB1.1.1 - Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta. ▪ 1º-XHB1.1.2 - Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas.

	<p>iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.6.1. Suma ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás. ▪ EPVAB3.8.1. Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás. EPVAB3.8.1. Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás. ▪ EPVAB3.9.1. Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón. ▪ EPVAB3.11.1. Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, biselector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.). ▪ EPVAB3.15.1. Debuxa un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto. ▪ EPVAB3.19.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1º-XHB1.10.1 - Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais. ▪ 1º-XHB1.11.1 - Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles. ▪ 1º-XHB1.2.1 - Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters. ▪ 1º-XHB1.3.1 - Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas. ▪ 1º-XHB1.4.1 - Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características. ▪ 1º-XHB1.4.2 - Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas. ▪ 1º-XHB1.5.1 - Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial. ▪ 1º-XHB1.6.1 - Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais. ▪ 1º-XHB1.6.2 - Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes. ▪ 1º-XHB1.7.1 - Explica as características xerais do relevo europeo. ▪ 1º-XHB1.8.1 - Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo. ▪ 1º-XHB1.9.1 - Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa. ▪ 1º-XHB1.9.2 - Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente. ▪ 1º-XHB3.13.1 - Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia. ▪ 1º-XHB3.19.2 - Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica. ▪ 1º-XHB3.3.1 - Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. ▪ 1º-XHB3.4.1 - Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. ▪ 1º-XHB3.6.1 - Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana. ▪ 1º-XHB3.7.1 - Distingue etapas dentro da historia antiga. ▪ 1º-XHB3.8.1 - Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
<p>CSC</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.5.1. Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e substractiva e as cores complementarias. ▪ EPVAB1.7.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas. ▪ EPVAB1.7.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos. ▪ EPVAB1.7.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1º-XHB3.1.1 - Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. ▪ 1º-XHB3.10.1 - Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai". ▪ 1º-XHB3.11.1 - Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto. ▪ 1º-XHB3.12.1 - Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos). ▪ 1º-XHB3.13.1 - Interpreta un mapa cronolóxico-

	<p>aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.7.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. ▪ EPVAB2.4.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual. 	<p>xeográfico da expansión exipcia.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 1º-XHB3.13.2 - Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto. ▪ 1º-XHB3.14.1 - Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén. ▪ 1º-XHB3.14.2 - Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio. ▪ 1º-XHB3.15.1 - Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica ▪ 1º-XHB3.16.1 - Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos ▪ 1º-XHB3.16.2 - Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais. ▪ 1º-XHB3.17.1 - Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo. ▪ 1º-XHB3.18.1 - Elabora un mapa do imperio de Alexandre. ▪ 1º-XHB3.18.2 - Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno. ▪ 1º-XHB3.19.1 - Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo. ▪ 1º-XHB3.19.2 - Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica. ▪ 1º-XHB3.2.1 - Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. ▪ 1º-XHB3.2.2 - Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estes restos materiais ou textuais. ▪ 1º-XHB3.2.3 - Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre. ▪ 1º-XHB3.20.1 - Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma. ▪ 1º-XHB3.20.2 - Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga. ▪ 1º-XHB3.21.1 - Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana. ▪ 1º-XHB3.22.1 - Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana. ▪ 1º-XHB3.22.2 - Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade. ▪ 1º-XHB3.22.3 - Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos. ▪ 1º-XHB3.3.1 - Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. ▪ 1º-XHB3.4.1 - Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. ▪ 1º-XHB3.5.1 - Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. ▪ 1º-XHB3.6.1 - Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana. ▪ 1º-XHB3.7.1 - Distingue etapas dentro da historia antiga. ▪ 1º-XHB3.8.1 - Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. ▪ 1º-XHB3.9.1 - Explica a diferenza entre os dous
--	--	--

		<p>períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.</p> <ul style="list-style-type: none"> 1º-XHB3.9.2 - Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.
<p>CCEC</p>	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas. EPVAB1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas. EPVAB1.4.3. Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo. EPVAB1.4.4. Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito. EPVAB1.7.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinces, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas. EPVAB3.7.1. Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás. EPVAB3.10.1. Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Tales. EPVAB3.12.1. Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos. EPVAB3.16.1. Clasifica correctamente calquera cuadrilátero. EPVAB3.18.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular. 	<ul style="list-style-type: none"> 1º-XHB3.1.1 - Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. 1º-XHB3.10.1 - Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai". 1º-XHB3.14.1 - Explica como materializaban os expicios a súa crenza na vida do alén. 1º-XHB3.14.2 - Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón expicio. 1º-XHB3.15.1 - Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura expicia e da mesopotámica 1º-XHB3.19.2 - Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica. 1º-XHB3.21.1 - Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana. 1º-XHB3.22.1 - Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana. 1º-XHB3.22.2 - Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade. 1º-XHB3.22.3 - Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos.
<p>CAA</p>	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.2.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas. EPVAB1.7.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais. EPVAB3.1.1. Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma. EPVAB3.13.1. Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas. EPVAB3.17.1. Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal. 	<ul style="list-style-type: none"> 1º-XHB1.1.1 - Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta. 1º-XHB1.1.2 - Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas. 1º-XHB1.10.1 - Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais. 1º-XHB1.11.1 - Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles. 1º-XHB1.2.1 - Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters. 1º-XHB1.3.1 - Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas. 1º-XHB1.4.1 - Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características. 1º-XHB1.4.2 - Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas. 1º-XHB1.5.1 - Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial. 1º-XHB1.6.1 - Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1º-XHB1.6.2 - Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes. ▪ 1º-XHB1.7.1 - Explica as características xerais do relevo europeo. ▪ 1º-XHB1.8.1 - Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo. ▪ 1º-XHB1.9.1 - Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa. ▪ 1º-XHB1.9.2 - Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente. ▪ 1º-XHB3.11.1 - Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto. ▪ 1º-XHB3.12.1 - Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos). ▪ 1º-XHB3.13.1 - Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia. ▪ 1º-XHB3.14.2 - Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio. ▪ 1º-XHB3.15.1 - Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica ▪ 1º-XHB3.16.1 - Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos ▪ 1º-XHB3.16.2 - Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais. ▪ 1º-XHB3.17.1 - Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo. ▪ 1º-XHB3.18.1 - Elabora un mapa do imperio de Alexandre. ▪ 1º-XHB3.18.2 - Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno. ▪ 1º-XHB3.19.2 - Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica. ▪ 1º-XHB3.2.1 - Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. ▪ 1º-XHB3.2.2 - Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estes restos materiais ou textuais. ▪ 1º-XHB3.2.3 - Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre. ▪ 1º-XHB3.20.1 - Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma. ▪ 1º-XHB3.20.2 - Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga. ▪ 1º-XHB3.21.1 - Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana. ▪ 1º-XHB3.22.1 - Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflecten os cambios administrativos en época romana. ▪ 1º-XHB3.22.2 - Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade. ▪ 1º-XHB3.8.1 - Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. ▪ 1º-XHB3.9.1 - Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un. ▪ 1º-XHB3.9.2 - Analiza a transcendencia da revolución
--	---

		neolítica e o papel da muller nela.
